

Infantil



Áreas



EDUCACIÓN
ARTÍSTICA



PRIMEIRA
LÍNGUA
ESTRANXEIRA




VALORES
SOCIAIS
E CÍVICOS

Un mundo de cores

Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

1. Ter claro que vai en cada colector: latas, bricks e envases de plástico no amarelo, papel e envases de cartón no azul e envases de vidro no verde. Se non é un envase, non vai aos colectores de cores senón ao de resto.
2. Comprender o valor da colaboración: entre todos, podemos conseguir moito.



Un mundo de cores

● Esta actividade é para...

Relacionar cada pequeno xesto cunha contribución para que o medio mellore.

● Que necesitamos?


Un espazo onde colgar o mural. Pintura para mans en cor amarela, azul e verde. Poden pintar directamente coas súas mans ou utilizar esponxas con forma de mans, de follas ou de animais, que se empaparán na pintura, como selos. Tamén podedes prescindir da pintura e usar adhesivos con formas. Ou deixarlles cores, rotuladores e ceras para que fagan debuxos. Pero de 3 cores: amarelo, azul e verde. Tamén necesitaremos 3 caixas grandes para facer de colectores.

● Que imos facer?

Imos pintar un mural que represente a contribución que facemos cara ao medio, individual e colectivamente, con xestos como o de reciclar os envases.

Faremos que os nenos traian envases de casa, deposítenos no colector adecuado e, a cambio, poidan estampar a súa man, colocar un adhesivo ou facer un debuxo na cor do colector no que ía o seu envase.

Cuanto máis envases, máis debuxos poderán facer.



Seguimos?

Pódese converter esta actividade nunha práctica de inglés falando dos colectores “**yellow, blue and green**” e nomeando os envases neste idioma: box, bottle, brick, can, plastic, paper...

Esta actividade pode facerse nunha sesión ou en varias, ou aproveitando cada clase de plástica, ao comezar ou terminar, como colofón lúdico e ambiental da clase. Así os nenos esperarano con ilusión.

Un mundo de cores

● Esta actividade é para...

Ver como a contribución individual convértese en importante ao sumarse á dos demais.


● Que necesitamos?

Tiras de papel duns 5 cm. de ancho x 21 cm. de longo (dun DIN A4 saen 5) de cor amarela, azul e verde. Grampadora ou cinta adhesiva.

● Que imos facer?

Decorar a clase cunha cadeneta de cores que se irá construindo colectivamente. Os nenos elixirán unha tira da cor que prefiran e debuxarán nela un envase que irá ao colector desa cor. Por exemplo: na tira amarela debuxarían unha lata de refresco, ou un envase de iogur, e nunha azul debuxarían un paquete de fariña e nunha verde, un tarro de marmelada.

Trátase de lembrar que envase vai a cada colector. Despois, encadearanse as tiras combinando as cores e vendo o larga que é cando todos participan.



Seguimos?

Podedes realizar unha actividade similar implicando ás familias e alumnos, por exemplo nun taller na festa de fin de curso.